

Carrizal

ÉPOCA II - Nº 2

Xullo-agosto 2020

Observación, defensa, protección, estudo e divulgación do patrimonio natural, etnográfico e cultural do Baixo Miño galego-portugués



Luis Doreado

Carrizal

Época II

Xunta Directiva

Presidente.....Agustín Ferreira L.

Vicepte.....Manuel Á. Pombal D.

Secret....M^a Consuelo González de D.

Tesoreiro...Manuel Á. Pombal D.

Vocais... Luís Dorado Senra.

Araceli Ozores Peixoto.

EDITOR-COORDINADOR

Agustín Ferreira Lorenzo

CONSELLO EDITORIAL

Manuel A. Pombal Diego

EDITA

ANABAM

Calvario-44-baixo
36780-A Guarda (Po)

CONTACTO

Tfn/WhatsApp: 61 61 80 557

Messenger

Facebook

Correo electrónico:

anabam.anabam@gmail.com

WEB

www.anabam.org

Os artigos son responsabilidade de cada autor. ANABAM non comparte necesariamente o contido dos mesmos.

DL VG 208-2020

CUOTAS 2020

Socio normal..... 30 €

Socio colaborador (logo dun ano como socio normal).... 15 €.

SOCIO FAMILIAR... 30 € primeiro socio, 5€ seguintes socios.

Socio infantil/xuvenil ou persoa en paro.....15 €

Para solicitar ser socio de ANABAM, cubrir a ficha que figura na páxina web.

Os socios reciben gratuitamente o Boletín Carrizal así como outras publicacións editadas pola asociación. Ademais poderán participar nas actividades desenvolvidas.

Se algunha actividade ou publicación é de pago, os socios terán amplos descontos.

porque
a **NATUREZA**
nos necesita
necesitamos
de TI

SE NON ERES SOCIA/O
DE ANABAM

SUBSCRÍBETE AO

Carrizal

6 números/ano 18 €

Feito en papel reciclado

ILLA FORTALEZA DA INSUA (II)



Porta de entrada á fortaleza da Ínsua no 1988.

Por Antón Ferreira

No primeiro século da existencia do Convento, eran moi poucos os sacerdotes sendo máis importante, en número, os frades legos. Dedicábanse uns e outros, á oración, pero tamén a traballar na horta e a desenvolver outros traballos da casa. A abstinencia era rigorosa; viño só podían bebelo algúns frades.

A Duquesa D^a Isabel, irmá do rei D. Manuel, tivo especial afecto polo Convento, ofrecendo unhas pinturas que reproducían o nacemento de Xesús e a Adoración dos Reis Magos, que serviron de retablo nun dos altares laterais. Ao parecer, tales pinturas pertenceran á raíña D^a Isabel, muller de D. Manuel, e procedían de Flandes.

O convento recibiu tamén a protección dos mesmos reis, como xa vimos anteriormente, que mesmo chegan visitalo, dada a santidade que irradiaba: así o 15 de novembro de 1502, don Manuel I, "O Afortunado", embárcase en Caminha para orar á Virxe na capela da Insua, o mesmo que seu fillo, D. Luis, en 1548; e o señor de Ceuta e Gobernador de Caminha, en 1512. Outros personaxes foron D. Jaime, Duque de Bragança, e D. Fernando de Menezes, Gobernador de Ceuta e Senhor de Caminha. E, en 1627, Matías de Albuquerque, Gobernador de Pernambuco.

Os Marqueses de Vila Real e Senhores de Caminha, foron outros protectores do Convento, o mesmo que os seus sucesores. Así, en 1534 determínase que os sába-

dos se entregasen 160 arráteis de vaca; no Nadal, en Pascoa e Pentecostés, un bo carneiro ademais dun porco no Nadal. En xaneiro, 15 alqueires de aceite, e na Cuaresma 5 alqueires de castañas. D. Pedro de Menezes aínda ordenou que fosen abastecidos do viño necesario.

A aquelas visitas rexias e señoriais, hai que engadir as de ilustres relixiosos: o santo arcebispo de Braga, Frei Bartolomudos Mártires, e o Bispo da Guarda, D. Afonso Furtado de Mendoza, que máis tarde sería nomeado Arcebispo de Braga.

O 23 de xullo de 1580 unha flota galega con 300 soldados, ocupa este illote en apoio do rei Felipe, construíndo unha torre e un muro que o mar e as crecidas do río, tirarían. En 1602, o Convento é atacado por uns corenta corsarios ingleses, pero antes de que estes desembarcaran, os monxes tiveron tempo de saír da illa ao atoparse na mesma o barqueiro, levando con eles os cálices e os mellores ornamentos; en 1606, sufriu un novo saqueo por piratas luteranos de La Rochelle que roubaron un cáliz, unha custodia de prata e as roupas das celas, conseguindo esconder os relixiosos o Sacramentado e dous cálices. Neste ataque foi cando a imaxe da Madalena levou un golpe na faciana.

Diante desta situación de inestabilidade, moitos relixiosos deciden abandonar o Convento iniciando, en 1618, a construción do convento de San Antonio en Caminha, quedando reducida a illa a un oratorio, aínda que volverán á Insua por solicitude do 1º Duque de Caminha, D. Miguel de Menezes e do mesmo pobo.

O señorío de Caminha e o Convento pasaron a ser propiedade da Coroa a mediados do século XVII, pola conspiración do marqués de Vila Real contra o rei D. João IV, sendo executados o nobre e o seu fillo, que era segundo duque de Caminha.



agufelo

Un dos dous canóns con que conta a fortaleza da Insua.

Coa intención de protexe-la entrada da barra, punto estratéxico, dada a guerra contra España, pero tamén como medida de protección do Convento fronte aos ataques corsarios, o rei João IV mandou construír a fortaleza empregándose as mesmas pedras do rochedo sobre o que se levantou o Convento.

A fortaleza ten forma de estrela de cinco puntas con cadanseu baluarte defensivo, iniciándose as obras en 1649 e rematando en 1652. Ao norte, na á deste lado, atópase unha campá que ten gravados dous salmos nunha especie de cinta que discorre pola campá, e na porta principal atópanse as armas dos Limas, por estar a construción baixo as ordes do Gobernador das Armas da Provincia do Minho, D. Diogo de Lima. No patio inferior da construción principal existe un pequeno claustro con dobre columna.

O primeiro gobernador da fortaleza da Insua foi Domingos Mendes Aranha. Dáse, entón unha difícil coexistencia entre os frades e a guarnición militar.

A ámbolos dous lados da porta principal que dá acceso ao interior da fortaleza, figura gravada na pedra a seguinte inscrición *“A piedade do muy alto e poderoso monarca, el Rey D. João IV, ministrado pela intervenção e a assistencia de D. Diego de Luna Nogueira, General e Bisconde de Vila Nova de Cerveira, Governador de Armas, e exército da provincia Entro-Douro e Minho dedicarão esta fortificação a Serenissima Rainha dos Anjos N^a. S^a. De Insua para asylo e defensão dos religiosos da primeira regra serafica que assistan nos continuos jubilos desta Senhora, debaixo de cujo patrocínio se assegura a defensa desta costa. Fez-se a obra na era de 1650”*.

No 1690 dótese de dous canóns de bronce, montados sobre unha base de ferro, segundo recorda a lenda gravada en ambos *“Armas reais de D. João IV Rey de Portugal. Sendo Tenente General Ruy Correia Lucas Martins Es. 1649”*. No 1670, ampliase o Convento, construíndose un andar elevado (ata entón só dispuña da planta baixa), con cinco celas.

No 1676, volven a realizarse obras de ampliación do Convento e, no 1707, constrúense a sala capitular, novas celas e o retablo do altar. Dez anos máis tarde, grazas a intervención de D. João V, reedifícase a igrexa, incorporándosele un teito abovedado de pedra e o coro alto.

A fortaleza coñecerá novas obras de reparación, en 1793 e 1795, ano este no que os frades abandonan a Insua, aínda que volverán a ela anos despois.

En 1807, durante o reinado de Carlos IV, desembarcaron forzas españolas producíndose a 1^a ocupación da Insua e, coincidindo coa invasión francesa, volvería ser ocupada no 1808.

Agás estas invasións puntuais, a Insua foi sempre portuguesa, incluso cando quedou unida á costa galega por unha lingua de area que permitía o paso a pé ata o seu interior.

Cando, no 1834, por un Decreto do goberno, extínguense as ordes relixiosas en Portugal e dominios portugueses, excláustranse os frades e nacionalízanse os seus bens, o Convento pasa a integrarse no patrimonio nacional portugués e a guarnición



Así estaba o interior da fortaleza da Ínsua no ano 1988.

militar continuará aínda ocupando a fortaleza.

No 1910, a fortaleza da Insua é declarada Monumento Nacional, pasando ao Ministerio de Finanzas (1940) e, no 1987, dependerá xa do Instituto Portugués do Patrimonio Cultural.

Lendas, milagres e outras curiosidades

Cóntanse lendas e milagres acontecidos na illa. Como a desaparición dos sargos do mar da Insua debido aos improperios proferidos por un comandante da armada galega. Dise que na illa non hai ratos nin animais “ponzoñentos” segundo escribe Frei Pedro de Jesús: “Tense por gran prodixio outra marabilla e é a de non criarse nela bicho ponzoñento. Se algún chega coas inundacións non dura moito tempo. O non haber aquí ratas é unha milagre continuada que aínda hoxe causa admiración”.

Outra lenda sinala a existencia dun pasadizo secreto que comunica a illa coa praia de Moledo (Portugal), pero aínda ninguén descubriu onde se atopa a entrada ou a saída deste misterioso corredor.

Cóntase que un tal Francisco Gonçalves, pescador e barqueiro na Insua, fixera voto a Nosa Señora de entregar unha lamprea como esmola aos relixiosos por cada doce que pescase. Aconteceu que logo de pescar doce, a seguinte non a deu como tiña prometido, quedándose coas trece. Dise que, nos trece días seguintes, mentres os ou-

tros pescadores fixeran unha gran colleita, el non pescou ningunha lamprea como castigo por incumprir a promesa.

Neste mesmo sentido, nárrese outra promesa incumplida. A de dous homes que prometeran entregar ao convento a primeira lamprea que pescasen. Pero levados pola cobiza, mudaron de parecer ao comprobar que esa primeira lamprea era dun maior tamaño que as demais, de modo que decidiron entregar unha das outras lampreas. Pero tan pronto decidiron cambiar a primeira lamprea, que era a de maior tamaño, caeu ao río e chegou a saír na praia, onde a tomaron os relixiosos.

Entre outras milagres de sona está aquela relacionada coa falla de auga. Os frades subsistían das esmolos dos pescadores do río Miño, porén, a falta de auga doce facía insostible aquela situación. Conta Frei Pedro de Xesús María Xosé (*“Oríxem e Progreso do Real Convento de Santa María da Insua de Caminha”*), que *“estaba Frei Diego Arias inmensamente satisfeito da fermosura do lugar, pero tiña grande tristura pola falta de auga. Escoitou a Nai de Deus as súas fervorosas oracións e sobrevivíndolle un plácido sono, aparecéuselle a Virxe María en forma de belísima doncela, indicándolle o lugar onde cavando atoparía a fonte que tanto desexaba. Fíxoo así, conseguindo encontrar boa auga”* na hoxe chamada por moitos *“Fonte Milagrosa”*.

Outra milagre fala das pedras que antes de caer sobre os frades, detíñanse no aire ata que aqueles se apartaban da súa traxectoria, ou aquel outro milagre que se refire á invasión da Insua por corsarios ingleses o 13 de outubro de 1602: entón Frei Jerónimo de San Juan colleu o Cáliz Sagrado e escondeuno nunha das mangas do seu hábito; logo, axudado por outros frades, baixou do seu pedestal a imaxe de Nosa Señora. Frei Jerónimo, que pola súa idade non podía camiñar tan a présa como as circunstancias o requirían, acompañado dos demais frades, retirouse por detrás dunha das rochas desaparecendo milagrosamente da vista dos corsarios que arrasaron a pequena illa e, non atopando a ninguén, abandonárona volvendo a ser visibles Frei Jerónimo e os seus irmás frades.

E aínda se narra aquela que, segundo as crónicas, no Convento e, sobre todo, na igrexa, non se oía o mar por moi bravo que estivese, de modo que os frades non se inquietaban, dedicándose ós asuntos espirituais polos que se retiraran á illa.

Igual que algunhas igrexas e santuarios galegos conservan imaxes atopadas no mar, tamén, neste entorno da Insua sucedéronse feitos semellantes. Mariñeiros portugueses e galegos que se atopaban faenando nestas latitudes, descubriron aboiando no mar un arcas de madeira, disputando uns e outros a súa pertenza, xa que ambos querían izalo a bordo das súas respectivas embarcacións. Dise que o arcas se inclinaba cara á parte portuguesa, convindo os mariñeiros galegos en renunciar a el. Cando procederon abrílo viron que no seu interior había un Cristo no Horto, en madeira policromada, con manto real de púrpura, coroado de espiñas e as mans atadas, e dous cálices de prata ademais dunha custodia. O Cristo no Horto sería logo o Patrón da Confraría do Bom Jesus dos Mareantes.

Continuará no próximo número...

DISTRIBUCIÓN DA PAPOULA MARÍÑA NO BAIXO MIÑO

nos anos 1998/1999

Por Agustín Ferreira Lorenzo



Este é un traballo desenvolvido entre os anos 1998 e 1999 polo grupo de traballo de ANABAM (GT-anabam) no que formaron parte as seguintes persoas **Luís Dorado Senra, Agustín Ferreira Lorenzo, Aser Ferreira Rodríguez e Fátima Márquez Martínez.**

O traballo de campo foi subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente, orde do 31 de maio de 1999. O informe foi enviado á citada Consellería no mes de outubro do mesmo ano. O mesmo non foi publicado ata hoxe, se ben divulgouse un resumo do mesmo por diversos medios.

NOME CIENTÍFICO: *Glaucium flavum*.

DESCRIPCIÓN: Planta erecta. Moi ramosa. Menos dun metro de altura.

Flores grandes, solitarias, hermafroditas, axilares, pedunculadas, de cor amarelo, con catro pétalos e catro sépalos. Os pétalos con certo brillo, venosos, suaves ao tacto. Con simetría radial. Cortada a flor, os pétalos caen con facilidade. Botón floral retorcido. Estigma amarelo, lobulado. Estames numerosos, amarelos tamén.

Follas basais pecioladas, pilosas. Follas superiores sentadas, máis curtas que as basais, lobuladas.

Froito alongado, en vaina, a modo de silicua, bilocular.

MATERIAIS E MÉTODO

Para a realización do traballo utilizouse nunha primeira parte o Mapa Topográfico Nacional de España, escala 1:25.000, e o Mapa do Servicio Geográfico del Ejército, escala 1:50.000. Posteriormente, e xa como traballo de campo máis conciso, utilizáronse planos do Deslinde do Dominio Público Marítimo Terrestre, escala 1:5.000, que ofre-

cía máis detalle. Estes planos fóronos facilitados polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

A primeira parte do proxecto foi desenvolvida no verán do ano 1998, percorrendo diversos tramos do litoral, anotando as observacións realizadas e utilizando os mapas sinalados anteriormente. No verán do ano 1999, tivo lugar xa o definitivo traballo de prospección costeira no que se utilizaron os planos do Deslinde. O traballo iniciouse no mes de xuño e rematouse no mes de setembro. Fundamentalmente levouse a cabo os sábados, aínda que nalgúns ocasións fixéronse desprazamentos entre semana.

MOTIVO DO TRABALLO

O interese en *Glaucium flavum*, tivo a súa orixe cando nos decatamos dos poucos exemplares observados nos nosos percorridos pola costa. No ano 1998, propuxémonos iniciar un estudo da localización desta planta na bisbarra do Baixo Miño co obxecto de coñecer o estado real no que se atopaba a mesma, traballo que tivo a súa continuidade no ano 1999, como xa dixemos.

Con ese traballo pretendiamos ter datos de campo que fosen tidos en conta á hora de planificar infraestruturas na franxa costeira, tales como sendeiros paralelos á costa, aterramentos, paseos marítimos..., co obxecto de preservar a biodiversidade da bisbarra. Esperabamos que o traballo de campo fose tido en conta polos responsables de protexer o patrimonio litoral do que forma parte esta especie.





Os puntos vermellos sinalan os lugares de localización dos diferentes pés de *Glaucium flavum* ao longo da costa do Baixo Miño.

TRAMO ESTUDADO

O estudo realizouse ao longo de toda a franxa costeira da bisbarra baixomiñota, correspondentes aos concellos de A Guarda, O Rosal e Oia, cunha lonxitude de 45 quilómetros, recorridos na súa totalidade a pé.

COMENTARIO

Glaucium flavum é unha planta que atopa o seu hábitat na franxa litoral, máis concretamente na supralitoral. As súas flores grandes, amarelas, rechamantes, fan que non pase desapercibida. Estas flores son semellantes, polo seu aspecto, aínda que non pola súa cor, á papoula silvestre (*Papaver rhoeas*), que medra de xeito espontáneo en moitos lugares do Baixo Miño. Pois ben, a papoula mariña atopámola a partir da liña superior das mareas máis vivas.

O substrato no que se desenvolve é terroso, máis superficialmente pode estar cuberto de seixos ou gravas. En moitas praias areosas esta planta dáse moi ben, mais no Baixo Miño, agás puntos moi concretos da beira portuguesa, non a atoparemos nas nosas praias.

En xeral, podemos dicir que *G. flavum* atópase distribuída ao longo de toda a franxa litoral do Baixo Miño, pero imos vela soamente en puntos moi concretos da cos-



Zona das Orelludas, en Oia. Nesta explanada atopamos a maior concentración de papoula mariña de toda a bisbarra baixomiñota.

ta. Non aparece de xeito masificado, máis ben todo o contrario, pés habitualmente separados uns dos outros, agás casos moi raros de poder ver varias plantas xuntas. Polo xeral distribúese linealmente, paralela á franxa costeira, agás

nun único lugar que aparece ocupando unha ampla chaira, como sucede na explanada fronte ás Orelludas (Oia). Este xeito de se distribuír pode ser tamén un perigo engadido para a súa supervivencia, pois no caso de construír algún tipo de estrutura paralela á franxa costeira, vai supoñer un hándicap para as plantas, xa que logo poden verse prexudicadas pola mesma. En efecto, bastaría con construír un sendeiro dun par de metros de ancho bordeando a franxa supralitoral para que desaparecera de moitos dos lugares nos que estaba presente, de feito, iso é o que aconteceu xa en varios tramos da costa, particularmente na Guarda, onde se podemos dala por desaparecida.

Puidemos observar nalgúns puntos nos que se moveu a terra ou houbo vertidos de tipo térreo, como *G. flavum* saía sen problema e, mesmo, un bo número de pés, pero sempre en zonas onde nas proximidades había previamente exemplares. O feito de ser unha especie que está distribuída ao longo da costa, non indica, en modo algún, que sexa abundosa, como xa deixamos constancia anteriormente. É máis, dende o noso modesto punto de vista, cualificámola como unha especie **ameazada** para a bisbarra.

CONCLUSIÓNS

Tal e como pensabamos antes antes de levar a cabo este traballo de campo, os resultados acadados amósannos que estamos diante dunha das especies silvestres máis escasas e de maior perigo de desaparecer do Baixo Miño. A localización da mesma en puntos moi concretos do litoral da mencionada comarca, sitúana nun plano delicado que é preciso ter en conta en futuros plans que poidan afectar á liña de costa. O normal



No mes de setembro de 2018, levamos a cabo (Araceli Ozores e Agustín Ferreira) a recollida de varios centos de sementes de *Glaucium flavum* na explanada das Orelludas que foron espalladas posteriormente pola costa sur da Guarda.

é atopar exemplares illados. A maior parte dos exemplares atópanse en lugares ben protexidos por situarse en zonas non moi frecuentadas ou de complicado desprazamento para andar por elas. Pensamos que se fai necesario levar a cabo traballos de protección, conservación e reintrodución* da especie aproveitando os exemplares aínda presentes na zona co fin de manter as características propias destes exemplares.

O resultado da prospección realizada nos dous anos foi o seguinte:

COSTA DE	A GUARDA	O ROSAL	OIA
Nº DE ZONAS	3	0	15

Tramos de localización da especie:

A GUARDA

- Cetarias do norte**, tramo comprendido entre as dúas cetarias do norte.
- Solanas**: xustamente fronte ao centro de ensino Nicolás Gutiérrez.
- Seixal**: fronte ao acceso que vai á antiga cerámica.

OIA:


- Mougás**: -Entre Pedra Rubia e o Cagado.
-Entre O cagado e o antigo cámping.
-Porto de Mougás.
- Pedornes**: -Explanada das Orelludas.
-Ribasaltas.
- Viladesuso**: Porto Senín.
- Oia**: -preto Punta Langosteira.

***NOTA:** Levamos dous anos, 2018 e 2019, espaxenando sementes recollidas nos escasos exemplares presentes na costa norte da Guarda e na explanada das Orelludas. Estas foron botadas na liña superior da praia do Puntal e en diversos puntos da costa sur guardesa, pero non temos observado que vaian adiante, ou polo de agora non hai signos da súa presenza. Neste mesmo ano 2020, temos en proxecto facer un sementeiro para ver se hai máis éxito e logo transplantar os plantóns.

CEGOÑAS NO BAIXO MIÑO

Agustín Ferreira Lorenzo

Nos últimos tempos a presenza de cegoñas no Baixo Miño é unha constante. Xa hai anos que debido ao incremento de observacións, sinalabamos a posibilidade de que non tardasen en aniñar no Baixo Miño galego-portugués. En efecto, o paso do tempo veo confirmarnos aquelas primeiras impresións. Dende hai tres anos estas zancudas aparecen neste recuncho da Península, para procrear e perpetuar a súa especie. De momento, todo un acontecemento que chama poderosamente a atención da xente, pero ollo, non nos enganemos, porque igual co paso do tempo moitos dos que agora se entreteñen coa súa observación e tiran fotos para admiración das súas amizades, igual dentro duns anos cambian de opinión. Así que, a experiencia me di que non debemos lanzar as “campás ao voo”. É mellor mirar as cousas sen eloxiar a tantos e tantos “observadores” e, dende logo, non cabe dicir que a xente se sensibiliza coa natureza e coa biodiversidade, diante de tanta euforia. Á xente, simplemente, chócalle ver algo que non é habitual e amosa as súas impresións nun momento determinado e diante de algo que, polo de agora, non resulta común. Pero esperemos. Non quero ser mal pensado, pero temos casos coñecidos de sobra que nos fan dubidar de tanta “sensibilidade” como os niños de andoriña de cu branco, por exemplo.



Cegoña pousada na cheminea das “Cachadas” A Gándara, Salcidos, A Guarda, 17/III/2009. Foto: agufelo

UNHA AVE EN EXPANSIÓN

Entre 1948 e 1984, a cegoña estivo seriamente ameazada, sendo considerada, mesmo, especie en perigo de extinción. No ano 1948 había 14.500 parellas en España. Dende esa data, o seu número caeu en picado ata situarse no 1984 nunhas 6.800, menos da metade das rexistradas no primeiro censo. As medidas tomadas a partir de mediados da década dos oitenta, conseguiron a recuperación da especie que trouxo como consecuencia, a súa expansión a practicamente toda a Península. No ano 2.000 contabilizáronse 24.000 parellas, ou sexa, en 16 anos cuadriplicouse a poboación destas zancudas.

AS CEGOÑAS TRAEN OS NENOS

No Baixo Miño, ao igual que acontecía noutros lugares, coñeciamos ás cegoñas unicamente por debuxos, fotos e, sobre todo, porque traían “aos nenos” á casa dalgún familiar ou coñecido. Todo un acontecemento para os cativos décadas atrás, que lamentabamos non poder ver a esta magnífica ave transportar ao pequerrecho e ver co-



Grupo de cegoñas nun dos areais das Eiras (O Rosal), en xullo do ano 2015.



Niño sobre torreta de alta tensión na fregesía de Arao (Valença do Miño) no ano 2018.

mo o introducía pola cheminea dalgunha casa da veciñanza. Os tempos modernizáronse e, agora, xa non é necesario que as cegoñas veñan con nenos. Simplemente que veñan, nos visiten e nos deleiten cos seus crotoreos, coa construción do niño, cos cegoñinos, coa súa alimentación e coa esperanza de volver a velas nos próximos anos.

1989: PRIMEIRA NIDIFICACIÓN NA PROVINCIA


Lembramos a **primeira parella** que se “atreveu”, e nunca mellor dito, aniñar na provincia de Pontevedra. Todo comezou no ano 1989, no Cerquido, entre O Porriño e Salceda. Durante tres anos seguidos, esta parella aniñou na zona. Mais ese atrevemento custaríalles a vida no cuarto ano. Houbo varias hipóteses ao respecto, pero tal vez, algún cazador frustrado viu unha grande oportunidade en dar renda solta ao seu instinto, abatendo sen compaixón a estas esveltas e queridas aves. A femia foi abatida no mesmo lugar, aparecendo o seu cadáver xusto debaixo da cheminea na que aniñaban. O macho aparecería días despois, a 16 quilómetros de distancia do lugar de nidificación. Atopámolo grazas ao aviso que nos chegaba a ANABAM informándonos da pre-



senza do cadáver dunha cegoña baixo unha ponte situada no río Tea, en Ponte Caneiro, a 5 quilómetros de Pontearreas. Contratamos un taxi e ata alí nos desprazamos. En efecto, recollíamos o exemplar, trouxémolo ata A Guarda, ensanguentado. A observación que fixemos foi que presentaba feridas

a nivel do esterno e varios impactos de perdigóns. Traslámanos o cadáver ata Salcedo, onde a Consellería tiña un departamento de sanidade animal, e confirmaron que a morte debeuse aos perdigóns que tiña repartidos por diversas partes do corpo. Dende aquela non volveron aniñar no Baixo Miño ou nas súas proximidades... ata 25 anos despois!!! Desta vez elixiron de cheo o Baixo Miño: nunha e noutra beira do río, na parroquia tudense de Areas e na feligresía de San Pedro da Torre (sur de Valença do Miño). Coincidindo no tempo, dúas parellas facían as delicias de propios e estraños. Ocorría no ano 2017. Por desgraza, na parte galega, un accidente tiraba por terra a primeira niñada nacida no Baixo Miño: un forte temporal abatía o niño instalado nunha feble palmeira que fora atacada polo picudo vermello e que as cegoñas elixiran para instalar seu niño. Os dous cegoñinos morrerían polo impacto contra o chan. De momento non vemos ter máis nacementos nesta marxe do río, pero en San Pedro da Torre as cousas foron moito mellor: dende ese ano xa son dous os niños que alí hai e a prole saíndo adiante exitosamente.

Entre tanto, a observación de cegoñas nesta bisbarra vai sendo cada vez máis prolífica porque o número de exemplares vai en aumento. Agora si podemos afirmar que as cegoñas chegaron para quedarse. A expectación entre os residentes segue a ser moita. Pero as cegoñas continúan sen ter excesiva sorte. Arredor do día 24 de marzo deste mesmo ano 2020, aparecía o cadáver dun exemplar nunha finca de Tomiño, aínda que se descoñecen as causas exactas da súa morte. Por si a cousa non fose suficiente, o 17 de abril a Policía Local tomiñesa recollía outro exemplar ferido que sería trasla-



dado ao centro de recuperación de fauna de Carballado. Tres días despois, interesámonos pola súa evolución. O resultado, aínda que dentro da gravidade, parece lixeiramente alentador pois, evolucionaba ben. Presentaba un forte golpe na cabeza e varias feridas polo corpo. Porén, non tardou en mudar a situación e poucos días despois, a cegoña falecía. A pesares deste



A cegoña macho recollida no río Tea. Na fotografía o taxista que nos acercou ata alí e Fátima Márquez daquela, socia de ANABAM (13/IV/1992).

contratempo, outro grupo de cegoñas segue, no momento de escribir estas liñas, presente no Baixo Miño, mesmo unha parella facendo niño na parroquia de Estás (Tomiño).

TÁBOA RESUMO DOS AVISTAMENTOS E NIDIFICACIÓN DE CEGOÑAS NO BAIXO MIÑO

DATA			LUGAR
22/VI/1985	7 exemplares	Voando	Coruto. A Gándara. Marisma de Salcidos
1989	Parella +3 polos		San Salvador de Budiño, concello de O Porriño, O Cerquido (Porriño)
1990	Parella+3 polos		Idem.
1991	Parella +3 polos		Idem.
1992	Parella	+	O Cerquido
1999	Parella		Caminha
2007	2?		A Gándaras (Porri)
10/II/2008	1? voando		Marisma Salcidos
20/III/2009	1 exemplar		Cheminea das Cachadas. A Guarda
1/IV/2016	3 cegoñas voando		Pías
IV/2016	2 adultos		Pías. O Rosal
15/III/2017	Parella	Voando	Feligresía do Arão
III/2017	Parella	Niño torreta	Feligresía do Arão
27/IV/2017	3 polos	Niño torreta	Feligresía do Arão
III/2017	Parella	Aniñando	Areas (Tui)

DATA			
15/V/2017	+2 polos: cigoiño dunha semana e outro a piques de romper un ovo. MORTOS	Palmeira picudo Esnaquizada	(Areas)Tui
27/I/2018	Niño	Torreta 2	Feligresía do Arão
V/2018	Nidificación: 2adultos +3 cegoñinos	Torreta	San Pedro da Torre/ Arao
07/IV/2018	Niño	Cheminea	San Pedro
30/IV/2018	3 polos	Niño torreta	Feligresía do Arão
26/V/2018	1 polo	Niño cheminea	S. Pedro da Torre
02/III/2019	parella	Niño cheminea	San Pedro da Torre
27/III/2020	2	Palmeira Tellado	Estás
01/III/2020	5 exemplares	Palmeiras	Estás
30/III/2020	2 exemplares +10 en voo	Niño en palmeira	Estás
11/VI/2020	Adulto	Campo	Forcadela Vilar de Matos

DATOS OBTIDOS OU FACILITADOS POR:

-ANABAM

-Barbi, Javier

-Boletín Carrizal, 1992.

-Dorado Senra, Luis

-Ferreira Lorenzo, Agustín

-El Naturalista Cojo

-González, Fabián

-López, Ana

-Silva Diz, Ricardo da.

-Urceira Domínguez, María

-Vega, Jesús

Ademais do rastrexo realizado a través de:

-Facebook

-Xornais: La Voz de Galicia; Faro de Vigo; Atlántico Diario.

Luis Dorado Senra

COLONIAS DE GATOS NA GUARDA

Un problema que o concello ten que afrontar con máis decisión

Por Vanesa Alonso Gándara
(veterinaria)

Como adoita suceder noutras localidades, na Guarda existen gatos rueiros que se agrupan en pequenas colonias moi localizadas e hai particulares que na maioría dos casos se dedican a coidar algunhas destas colonias.

No noso municipio, na actualidade, contamos con varias colonias situadas en zonas como Netos, o Castelo, o Montinho, hotel o monte, Laxe, ou a Cal e as colonias máis numerosas están situadas na Pasaxe e no peirao, nesta última mesmo existen varias camadas de recente nacemento sumando ata 9 novos individuos.

Estas colonias están a ser xestionadas coa colaboración cidadá que lles dá de



comer e nalgúns casos mesmo chegan a facerse cargo dos seus coidados sanitarios trasladando a centros a aqueles animais que deben ser atendidos por un profesional veterinario ou ben que deben ser castrados diante da falta de actuación por parte da administración local.

O número de colonias de gatos e o número de gatos en cada colonia depende da dispoñibilidade de alimento, a máis comida, máis gatos e viceversa. É frecuente que cando as poboacións de gatos crecen de forma excesiva acabe derivando nunha serie de conflitos con persoas da contorna das colonias por mor das molestias orixinadas

Gatiño de poucos meses enredado entre cordas dos aparellos no porto da Guarda.

polos cheiros, restos de alimentos, “maullidos” polo celo, etc. A maioría destas queixas teñen a súa orixe precisamente, ao redor das épocas de apareamento e procreación no que as molestias acústicas así como os cheiros aumentan exponencialmente, por iso é de vital importancia que as administracións públicas tomen cartas no asunto para mediar nestas situacións, de maneira que se poida lograr un equilibrio ambiental entre veciños e felinos.

O control reprodutivo mediante a aplicación do programa CES (captura, esterilización e solta) dos individuos que forman as colonias supón unha boa política de control da poboación felina desde o punto de vista da saúde pública e do benestar animal. Ademais de mellorar as condicións sanitarias da propia colonia, os programas CES favorecen a hixiene da contorna ao reducir os ruídos e cheiros que orixinan as condutas dos gatos non esterilizados. Cando unha colonia mantense escasa e san, non é rexeitada por ninguén, xa que as molestias ambientais e acústicas son mínimas e compensa con creces.

Unha colonia esterilizada non ten por que ser nociva debido a que pode xogar un papel moi importante no control de roedores da zona e, en particular, na zona do porto resulta de especial interese xa que desta maneira as redes e aparellos de pesca dos mariñeiros guardeses están protexidos de posibles danos ocasionados polos roedores, o cal non quere dicir que deba permitirse a superpoboación da colonia porque entón pasarase ao polo oposto no que empezará a haber presenza de malos cheiros.

Cabe mencionar outro punto de vital importancia como é que naquelas zonas



Vanesa Alonso



Vanesa Alonso

veciñais nas que habiten gatos domésticos en estado de semiliberdade é imprescindible que os seus propietarios se responsabilicen de esterilizarlos tamén xa que é a acción conxunta sobre todos os gatos dunha contorna o que aportará mellores resultados, impedindo a proliferación das colonias.

É moi difícil capturar tódolos gatos dunha colonia rueira, e para conseguir un total control dos animais é necesario un esforzo grande e persistente, algo no que as nosas administracións locais non se implican demasiado por falta de recursos. Na actualidade, dispónse dunha pequena partida económica destinada á esterilización de felinos rueiros, pero esta partida queda demasiado curta, ademais de que non existe ningún responsable da captura destes animais, para logo desprazalos a unha clínica veterinaria para a súa posterior esterilización tendo que contar, para iso, cas persoas voluntarias da zona que estean dispostas a achegar os seus propios medios para dita captura.

No último tramo do ano 2019, procedeuse a esterilizar gatos da colonia de Netos, o porto e o monte, entre outros, e unha vez recuperados son liberados previo

Vanesa Alonso Gándara é veterinaria e propietaria da **Clínica Veterinaria "La Guardia"**. Leva uns 13 anos, ou sexa, dende que abriu a clínica, ocupándose de xeito altruísta de varias colonias de gatos existentes no núcleo urbano da Guarda, aínda que tamén outra xente estase a ocupar doutras colonias no municipio guardés. Pide ao concello que poña en marcha o **programa CES (Captura, Esterilización e Solta de gatos rueiros)**. Temos que sinalar que os gatos rueiros non son gatos abandonados, son gatos que non teñen dono, viven na rúa e ese é o seu hábitat.

O número estimado de gatos ceibes na Guarda pode sobrepasar os 100 individuos repartidos nos seguintes núcleos:

-A Pasaxe, 18.

-Porto, unha cantidade indeterminada xa que hai novas crías, pero andarán polos 30 exemplares.

-Castro, 15 (no mes de decembro).

-Resto das colonias sen datos, xa que esta veterinaria non se encarga delas.

Vanesa bota en falta que o concello non dispoña dun servizo de recollida dos gatos co fin de proceder a súa esterilización e evitar así os problemas de reprodución. Si, segundo di, aporta unha partida económica, pero totalmente insuficiente para todo o ano, non cubrindo as necesidades dos felinos*. Tamén bota en falta que o concello non dispoña de gaiolas-trampa para levar a cabo o cometido anterior. Os transportíns os está a ceder ela, e xa leva algúns esnaquizados debido ao comportamento agresivo dos gatos, acostumados a estar ceibes, chegando mesmo a arrancar as portas.

Enxalza o comportamento do concello de Oia, onde xa levan castrados 30 gatos grazas á implicación do mesmo.

*Puidemos saber por outras fontes, que a partida destinada polo concello guardés anda sobre os mil euros, que evidentemente non cubre os gastos de castración, coidados necesarios e alimentación.

marcado nunha orella para así poder identificar os individuos esterilizados dos que non o están. No presente 2020 debido á falta de colaboración, resultou imposible continuar coa campaña de castración, feito que provocou que na colonia do porto en particular foron numerosas as femias xestantes, o que conleva varias camadas novas na zona da lonxa e arredores.

No noso municipio sería necesario tomar unha serie de medidas para poder chegar a controlar todas as colonias existentes. Entre as medidas propoño as seguintes:

- Débese establecer unha estación fixa de alimentación cun horario de achega de comida regular, deste xeito os gatos afaríañse a aparecer en certo momento e en certo lugar, reducindo así a presenza dos animais nas contornas dos contedores de lixo así como a presenza de depósitos de comida en diferentes localizacións co consecuente malestar para os veciños debido á sucidade e presenza de moscas.

- Coa instalación destes comederos, entre outros beneficios, tamén se facilitaría o labor de contabilizar os gatos da colonia, cuestión moi importante para poder programar as esterilizacións, así como esta-

blecer unha relación de proximidade cos animais para que a captura dos mesmos poida resultar máis sinxela.

- Cabe destacar que onde queira que se coloque a estación de alimentación, vai ser fundamental mantela limpa xa que é comprensible, repito, que os veciños non queiran desorde ou zonas sucias.

- As colonias serán alimentadas coa máxima hixiene, sempre con penso, evitando deixar restos de sucidade e nunca con restos de comida caseira, que xeran malos cheiros, insectos e pragas que poñen en perigo a saúde dos gatos, así como supoñen focos de infección para as persoas. Debe tamén deixarse á súa disposición unha fonte de auga fresca que se renovará periodicamente.

- O concello debe aprovisionarse de gaiolas trampa, o idóneo serían dúas para



Se eres unha persoa responsable e desexas adoptar un gatiño podes porte en contacto coa Clínica Veterinaria La Guardia.



así facilitar a captura dos animais que doutro xeito resultaría imposible.

- Contar con alguén que se encargue do traslado das gaiolas trampa á clínica, unha vez alí serán os facultativos os que se encarguen de

sacalos e unha vez esterilizados e marcados de devolvelos ao mesmo sitio onde foron capturados xa que os felinos son animais moi territoriais.

Todo isto require dun esforzo conxunto da administración e da cidadanía para conseguir un equilibrio ambiental e lograr controlar o crecemento das colonias así como manter unhas boas condicións hixiénico sanitarias das mesmas.

SUSPENDIDA DEFINITIVAMENTE

NOTA: Debido ás medidas xeradas pola COVID-19, ANABAM tomou a decisión de suspender definitivamente a proxección do filme **O QUE ARDE**, dado que non hai garantía de poder proxectalo antes do verán. Lamentamos ter que tomar esta decisión xa que a actividade formaba parte dos actos que se ían levar a cabo con motivo do noso 35 aniversario, actos que estaban en período de preparación e que tamén son suspendidos. As persoas que xa teñan pagada a entrada, poden poñerse en contacto con ANABAM para a devolución dos cartos.



A REDE DE MUSEOS DA GUARDA

Javier Crespo González
Profesor de Xeografía e Historia
no IES A Sangriña da Guarda

Cando o presidente da asociación ANABAM solicitou a miña contribución para o boletín *Carrizal*, que na nova andadura amplía as súas páxinas a cuestións relativas ó patrimonio cultural, a relación de titulares candidatos a seren incluídos nas súas páxinas eran numerosos. A razón é ben sinxela: A Guarda -por non ir máis alá do Tamuxe, nin das Loucenzas e sen necesidade de cruzar o Miño- ofrece un moi rico e variado patrimonio histórico e etnográfico. Postos a decidir, pareceume de interese ofrecer unha reflexión sobre os museos locais, e sen esquecer que como depositarios da identidade dun pobo vinculan ás xeracións actuais coas pasadas; deben adaptarse á novas realidades e asumir novos retos. Neste artigo lembramos as orixes e evolución de cada un dos nosos museos para finalmente propoñer algunhas liñas de actuacións futuras.

Os nós da rede

Coa inauguración, en xullo de 2016, do Centro de Interpretación do Castelo de Sta Cruz, A Guarda contaba cun novo espazo para divulgar parte da súa Historia Moderna. Do pasado máis afastado, dos séculos do cambio de era, o antigo Museo da Pro Monte viña realizando idéntico labor desde 1917. Por outra banda, a

apertura do Museo de Mar na Semana Santa de 2009 permitía conservar tradicións mariñeiras profundamente enraizadas neste territorio. Os tres *museos*, ou máis propiamente, as dúas coleccións museísticas xunto co Centro de Interpretación forman a rede local, é dicir, un conxunto organizado de espazos museísticos que pretende ordenar o seu funcionamento e optimizar os recursos dispoñibles.

Un percorrido polo MASAT

O actual Museo Arqueolóxico de Sta. Trega (MASAT) é un dos primeiros museos arqueolóxicos de Galicia. Remóntase o seu nacemento a 1917, cando por iniciativa



Logo da Rede de Museos.

do secretario da Sociedade Pro Monte, Pacífico Rodríguez, se destina un céntrico local da Guarda a almacenar e expoñer os obxectos atopados nas primeiras escavacións realizadas na citania. Adoptada a decisión, por parte da Sociedade Pro Monte, de trasladar o Museo ás proximidades do xacemento a principios dos anos 40, comezaba unha longa e complicada travesía xurídica que culminaría en 1954 coa compra da concesión administrativa que o concello da Guarda outorgara a Ángel Jurado para a construción dun Restaurante. Un ano antes, no 1953, o Museo Arqueolóxico apuraba a reapertura das súas portas para poder recibir a visita de afamados arqueólogos procedentes de diversos países europeos que participaban no III Congreso Arqueolóxico Nacional que se celebraba daquela en Galicia. Durante estes anos (1940 a 1954) procedeuse ó traslado da colección arqueolóxica, realizáronse diversos traballos de clasificación e organización da mesma por parte de Fermín Bouza Brey e do goianés Manuel Fernández Rodríguez. Para a xestión do Museo, a Sociedade Pro Monte contaba cun conserxe que debía compatibilizar a apertura do edificio con outras atribucións para o coidado “das ruínas do monte”.

Os esforzos realizados na catalogación de obxectos e adecuación do deteriorado edificio foron recoñecidos en 1962 coa declaración do Museo da Pro Monte como Monumento Histórico-Artístico, recoñecemento de repercusión estatal que o equiparaba, nada máis e nada menos, que con outros museos provinciais en Galicia e mesmo co Museo Arqueolóxico Nacional.

Con enormes dificultades derivadas da falta de persoal para a atención de turistas, do deterioro do edificio e mesmo o roubo dalgunha das pezas máis exquisitas, tal como a pequena estatua de bronce do Hércules, roubada das vitrinas do Museo no 1964, a promoción realizada pola Pro Monte converteuno nun centro de peregrinación de ilustres visitantes -xefes de Estado, personalidades da cultura e ilustres arqueólogos estamparon as súas dedicatorias no intermitente libro de sinaturas- e de milleiros de visitantes, que o converterían nun dos máis visitados de España ó ter recibido, no 1966, 50.000 persoas (Villa Álvarez, J.M. *La Sociedad pro Monte Santa Tecla*, 2016).



Do Museo da pro Monte aoó MASAT.
Foto cedida polo Museo de Pontevedra e polo Concello da Guarda

Os fondos do MASAT, como museo de sitio que é, provén basicamente dos obxectos atopados nas diferentes campañas arqueolóxicas desenvolvidas desde 1913 ata a máis recente rematada no 2016 e, en moita menor medida da contorna atopados e doados desinteresadamente por distintos particulares. O actual discurso museográfico da sala principal dirixe ó visitante cara un percorrido diacrónico desde seixos, bifaces, machados de bronce obxectos asociados a etapas prehistóricas e protohistóricas ata as cerámicas *sigillatas* e os ases e denarios romanos. Cabe salientar a completa e variada colección de esvásticas e labras, a premiada colección numismática na exposición iberoamericana de 1958 e dúas pezas que -xunto co desaparecido Hércules- son seguramente ás máis emblemáticas: o remate de torques e o cabezón do Trega. A primeira, aparecida no 1930, é unha das obras máis logradas da ourivería castrexa pola delicadeza e finura da súa decoración mentres que a segunda, atopada no 2015, extramuros do barrio de Mergelina, quizais teña un significado protector do poboado segundo o manifestou Rafael Rodríguez, director da escavación (*La Voz de Galicia*, 24 de outubro de 2015). Ademais, no soto do actual concello da Casa dos Alonso, están depositados innumerables fondos (cerámica, labras, seixos...) que foron trasladados no 2010 desde a pequena habitación do Masat no que se acumulaban, para seren clasificados e organizados debidamente por Leonardo González Pérez, arqueólogo que daquela exercía como guía turístico do Monte.



Fondos do MASAT trasladados e organizados na Casa dos Alonso.

Os museos máis recentes: Museo do Mar e Centro de Interpretación do castelo de Santa Cruz

Á par que o vello Museo da Pro Monte se reconvertía no actual MASAT, reorganizaba e actualizaba o discurso museográfico; a reconstruída Atalaia do Paseo Marítimo adaptaba o escaso -e inapropiado- espazo interior para ofrecer á veciñanza e ós visitantes unha interesante colección etnográfica procedente, en boa parte, de fondos recollidos durante anos polo colectivo ANABAM e cedidos ao Museo do Mar. Comezaba a súa andadura na Semana Santa de 2009 e atesoura unha grande variedade de aparellos, artes de pesca, instrumentos de navegación e útiles empregados en oficios e traballos emparellados co mundo da mar da que viviron xeracións de atadeiras, argaceiras, carpinteiros de ribeira, cordoeiros e mariñeiros. Valor engadido ó legado etnográfico, achégao a selección de cunchas procedentes de todos os mares do mundo, escollida e clasificada polo prestixioso malacólogo guardés, Emilio Rolán Mosquera, de entre as 18.000 que forman a colección adquirida polo Concello da Guarda no 2006. Tamén, singulares e de interese científico, son os restos fósiles de cranio e vértebras dun zifio atopados nas costas de Oia

Ademais dos centros museísticos; arqueolóxico e etnográfico, a rede de Museos da Guarda complétase co Centro de Interpretación das Paisaxes Fortificadas, aberto no 2016 na rehabilitada casa que no patio de armas serviu de vivenda aos caseiros encargados do mantemento das plantacións e cultivos que os donos do mesmo foran introducindo na historia recente da fortificación. Os paneis, deseñados pola investigadora do CSIC, Rebeca Blanco Rotea, contextualizan a fortaleza abaluartada no transcurso da guerra de Restauración portuguesa (1640-1668); período no que a un e outro lado do Miño articúlase un denso sistema de fortalezas defensivas (A Insua, Caminha, Goián, Amorín, Valença...). Nun sentido diacrónico, o discurso expositivo reflexiona sobre a incidencia doutras paisaxes fortificadas que co decorrer do tempo foron articulando o territorio: desde as primeiras fortificacións dos abundantes castros da Idade do Ferro ou a muralla que protexía á vila medieval, ata garitas, fachos de época Moderna, algunhas hoxe inexistentes, e fortalezas como a de Sta Cruz.

Pensar en clave de futuro

O concepto integrador e transversal de rede museística aparece recollido no anteproxecto de lei de museos de Galicia, pendente aínda de aprobación parlamentaria. A rede de ámbito local de centros museísticos da Guarda, presentada en Culturgal-2016, xurdiu coa intención de compartir estratexias de cooperación, mellorar a eficacia na divulgación dos contidos a través da web, uniformar deseños gráficos de folletos, organizar actividades didácticas destinadas fundamentalmente a grupos de escolares, fomentar o recurso das visitas guiadas e de elaborar contidos dixitais. Neste sentido, os

centros museísticos abandonaron conceptos anquilosados de museo-edificio entendidos como espazos de colección e conservación de obxectos, e impulsaron accións acordes cos fins perseguidos.




Obradoiro de corda, arqueoloxía experimental e visita guiada.

A creación da rede, por si mesma, non soluciona as debilidades que os expertos recollerían en complexos análises DAFO. Porque evidentemente quedan dificultades por superar: unhas relacionadas coa mellora nas edificacións, accesibilidade, dotación de persoal, restauración de obxectos, proxectos de investigación, *mechandaising...* cuestións desde logo que non son menores e que dependen de dotacións orzamentarias. Outras, agravadas pola situación actual de estado de alarma sanitario, relacionadas coa incerteza do futuro inmediato imposto pola “nova normalidade” no que se vaticinan cambios importantes. Este é o grande reto para os grandes museos e por que non, para os museos locais. A imitación deles, o salto adiante pasa por converter ó visitante contemplativo en convidado activo.



O visitante contemplativo percorre o itinerario marcado, ilústrase coa lectura máis ou menos interesada e completa duns atractivos paneis informativos ou descarga no seu móbil unha audioguía con información complementaria. Ao rematar, deixa o seu parecer plasmado no libro de



Encerra co lapis todas as cousas que non sexan da época castrexa.

Actividade Os Bolechas queren saber.

visitas e acaba facéndose un *selfie* desde o MASAT ou desde o baluarte da Guía, co Miño ou Atlántico de fondo. O convidado responde á chamada do anfitrión, acode a participar, interactúa xa que forma parte do evento, goza do mesmo, sente, colabora, imaxina. O reto pasa por concibir propostas dinamizadoras que conxuguen o museo-espazo doutroa co museo interactivo moderno para transformalo nun museo ubicuo, lúdico e transversal. Os recursos tecnolóxicos de realidade aumentada, animación 3D, redes sociais, podcasts e apps están dispoñibles para difundir os contidos máis aló do edificio que os acollen (museo ubicuo), xerar recursos que aposten pola gamificación e consigan facerlle sentir aos participantes experiencias de xogo nunha contorna non lúdica e, finalmente, relacionar os contidos propios con temas transversais da actualidade: diversidade cultural, transformacións sociais, conflitos. Sen esquecer que os museos, centros museísticos, coleccións visitables, centros de interpretación ou como queira que a lexislación os clasifique son patrimonio dunha comunidade.



QUE FACER SE ATOPAMOS UN POLIÑO

A partir deste mes de xuño é probable que poidamos atoparnos con algún que outro polo que caira dalgún niño. Nestes casos temos varias opcións, dependendo da situación na que se atope:

1/ De ser un polo grandíño, a piques de voar, debemos valorar se vai ter algún tipo de perigo, presenza de cans, gatos, paso de vehículos, se é nunha rúa con tránsito de persoas, etc. De ver que non corre perigo, que pode escapar con certa facilidade, o mellor é deixalo no mesmo lugar, xa que é probable que os pais se sigan a ocupar del e ademais, empeza a dar os “seus primeiros pasos” de cara a unha vida libre.

2/ Se caeu do niño, sabemos onde está e podemos reintegralo ao mesmo, sería moi boa idea facelo.

3/ Só no caso de que non haxa outra posibilidade e esteamos seguros de que pode correr perigo, entón o colleríamos e poríamolos en contacto con un centro de recuperación de fauna, unha asociación conservacionista, coa Concellaría de medio Ambiente, Protección Civil, o 112, etc.

IMPORTANTE: Non lle deades leite, migas de pan, galletas.



GRUPO ANTIHERBICIDAS BAIXO MIÑO e (II)



Primeira xuntanza do **Grupo Antiherbicidas** do Baixo Miño. De esquerda á Dereita: Agustín Ferreira; Miguel Fernández; Brais Martínez; Marta Portela; Andrea Pousa; Javier Torre; José Luis Morais e Lúa Martínez.

Durante unhas semanas a fumigación continuou polo Baixo Miño, pero motivos de traballo non puidemos acudir, como sería o noso desexo, a un novo intento de evitar estes despropósitos e agresións ambientais, así como contra a nosa propia saúde. Meses máis tarde, volveron producirse estes feitos mais, cando nos enteramos xa a maquinaria non andaba pola zona.

Diante deste panorama e vendo que varias persoas estaban concienciadas e amosaban o seu descontento con estas prácticas, decidimos dende ANABAM, crear o GRUPO ANTIHERBICIDAS do Baixo Miño. A través da rede social Facebook, lanzamos esta proposta e o domingo 25 de setembro, facíase realidade o mesmo logo de manter



no local de ANABAM unha xuntanza coas primeiras persoas integrantes do grupo, na que se acordou realizar algunha posible acción chegado o caso, redactar unha nota de prensa, crear un grupo de WhatsApp para estar en contacto se fose necesario, etc.

BASES POLAS QUE SE CREA O GRUPO E FORMA DE ACTUACIÓN

1/ O Grupo “**BAIXO MIÑO ANTIHERBICIDAS**”, créase para loitar contra o uso de calquera herbicida nas rúas, camiños, sendeiros e estradas da bisbarra do Baixo Miño.

2/ Este grupo está formado por persoas maiores de idade que están **en contra do uso de herbicidas** por parte da administración **en calquera espazo público** da mencionada bisbarra.

POR QUE NACE O GRUPO

1/ Polo dano que supón o uso indiscriminado dos herbicidas contra a **biodiversidade**, afectando á cadea trófica, a unha potencial contaminación das augas dos regatos e ríos, a cultivos (ao ser arrastrados os propios produtos ou residuos dos mesmos ás zonas de labor).

2/ Polo potencial risco para as persoas: que ao pasar polas zonas onde foi vertido o herbicida existe un risco potencial para os cativos e mesmo para as persoas maiores que poidan ter contacto coas herbas onde foi botado o mesmo e a continuación levar as mans aos ollos, boca, alimentos, etc.

3/ Pola seguridade das nosas mascotas, especialmente cans, que adoitan comer certas herbas para se “purgar”.

FINALIDADE DO GRUPO

1/ Sempre contando coa dispoñibilidade dos seus integrantes, o grupo tratará de interferir **PACIFICAMENTE**, e con arranxo ás normas legais, na utilización de herbicidas nos espazos públicos.

2/ Tratará de que os concellos se declaren libres do uso de calquera herbicida nos espazos públicos.

3/ Tratará de que os concellos promovan o uso manual para a eliminación da



vexetación nos espazos públicos que así o requiran, xa que iso conleva o emprego de postos de traballo, o respecto pola biodiversidade e unha minimización dos efectos negativos no entorno.

POLO MEDIO AMBIENTE, POLA SAÚDE: BASTA DE GLIFOSATO!

OIA, 12 XUÑO 2019: dende as 12:30 h o presidente de ANABAM trata de impedir o paso do vehículo que envelena con glifosato as nosas estradas. A acción divúlgase a través da rede social Facebook e non tardan en unirse a esta acción membros do C.S. Fuscalho e concelleir@s do PSG_PSOE de Oia.

A pesar do risco medioambiental, a pesar do risco para a saúde humana e a pesar das ordenanzas municipais, a alcaldesa de Oia non moveu un dedo para impedir tal acción.

O ROSAL, 12 XUÑO 2019: un membro de ANABAM (Aser Ferreira) segue as furgonetas que envelenan as nosas estradas. Ás 15:36 h recargan auga á altura da Bodega Terras Gauda. Espallamos de novo a información polo "Face".

TOMIÑO, 12 XUÑO 2019: sobre as 16:15 h espallan o veneno na estrada Tomiño-Tui. Ao membro de ANABAM únese unha persoa particular (Andrea Pousa), tratando de impedir que se siga fumigando; ás 16:30 h, nas proximidades do restaurante Novo Arroio, en Estás, entre ameazas dos operarios e diante da falta de acción da administración local, conseguen paralizar parcialmente a fumigación, pero un dos vehículos continúa coa acción. A pesar de haber un acordo plenario no que se declara ao concello de Tomiño libre de glifosato, alí ningunha autoridade aparece.

Soamente o **concello da Guarda** foi o único dos municipios do Baixo Miño que intentou paralizar o vertido do perigoso herbicida.





MARCAS E SIGLAS DOS MARIÑEIRO DA GUARDA

Unha alfaia comunitaria

Ricardo Rodríguez Vicente

Promotor e director do xornal dixital
infogauda.blogspot.com

Con enorme pracer saudamos a publicación do libro *“Marcas e siglas dos mariñeiros da Guarda”*, de Agustín Ferreira Lorenzo, activo membro da Asociación Naturalista “Baixo Miño” (ANABAM). Como seu propio título indícanos, trátase dunha publicación na que o autor reflicte as sinais de identidade –marcas e siglas– dos pescadores

guardeses. Unha comunidade que acertou a conservar ata nosos días ese patrimonio inmemorial, posuidor de certas características semellantes as doutras xentes de mar, de afastadas culturas. Porén, ese legado atopábase en trance de total desaparición. Non o foi, afortunadamente, grazas á exposición de siglas poveiras, que no verán de 1983 nos brindou na vila de A Guarda, o Museo Municipal de Etnografía e Historia de Póvoa de Varzim. Daquela, sen pretendelo, os amigos poveiros fixéronos ver o mérito etnográfico daquelas marcas, semellantes ás dos pescadores guardeses, que sen présa, máis tamén sen pausa, ían desaparecendo no día a día da comunidade mariñeira guardesa. Hoxendía, coa perspectiva das case que catro décadas transcorridas desde aquela altura, consideramos que a devandita mostra dos amigos poveiros foi para nós toda unha beizón. A partires dese evento alguén soubo captar a mensaxe, comezando o labor de campo. Este cronista aportou sendas achegas persoais, con dous rexistros bibliográficos en 1983 e 1984. Tamén o escritor Eliseo Alonso, na súa obra *“Gamelas y Mariñeros”* (1ª edición, Pontevedra, 1987; 2ª edición, Pontevedra 1997). E sobor de todo, Antón Ferreira Lorenzo, que adicou seu precioso tempo, froito do cal brindounos a monografía *“As marcas dos mariñeiros da Guarda”* (A Guarda, 1995), un meritorio traballo de recompilación, edición e difusión bibliográfica, que agora, seu irmán Agustín vén de ampliar co seu libro *“Marcas e siglas dos mariñeiros da Guarda”*. Unha achega que con certeza faría felices tanto ao poveiro Santos Graça como ao inesquecible miñoto, Eliseo Alonso, pois sen ningunha dúbida, estamos diante dunha alfaia. Toda unha regalía que aquilata a Cultura do noso.

ANABAM ASINA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES GALEGAS



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Un ano máis, ANABAM vén de asinar un convenio de colaboración co Decanato da Facultade de Bioloxía (no que se inclúen as tres Universidades galegas) polo que esta asociación oferta ata **catro prazas** a estudantes das mesmas co fin de que poidan realizar as súas prácticas externas nesta asociación, correspondentes ao **Máster Interuniversitario de Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión**.

Neste senso, o citado Decanato vén de enviarnos para a súa sinatura o proxecto formativo así como o formulario da

oferta de prácticas, que terán unha duración de 285 horas.

As prácticas ofertadas polo de agora son as seguintes:

Proxecto Borrelho. Protección e toma de datos de *Charadrius alexandrinus* nas praias do norte portugués.

Proxecto Larus. Censo de niños e polos de gaivota patiamarela na Guarda con posibilidade de ampliálo a outros municipios do Baixo Miño galego-portugués.

Proxecto Bembix. Estudo das avespas escavadoras, particularmente de Bembix e asociadas a súa área de nidificación en diferentes puntos do Baixo Miño.

Proxecto Andoriña. Censo de niños de andoriña de cu branco ampliable á censos e detección de niños doutras andoriñas na bisbarra galego-portuguesa do Baixo Miño.

Proxecto Corema. Censo e distribución de *Corema album* no piñeiral de Camarido (Caminha).

Proxecto Psitácido. Censo e recollida de datos das dúas especies de psitácidos presentes na Guarda.

OBSERVACIÓNS



GARZA AMARELA NA MORRACEIRA DAS VARANDAS

Texto e foto: César Blanco Arias

Na illa Morraceira das Varandas, no último tramo do Miño, emerxía a figura dunha **garza amarela** (*Ardeola ralloides*), parente das máis habituais, polo esteiro do Miño, garza real, garzota grande e garzota común. O momento da merenda, cunha boa ración de ra verde (*Pelophylax perezi*), foi inmortalizado rapidamente a través da cámara e gozado por toda a nosa familia grazas á confiada garza amarela!



AVISTAMENTO DUNHA PARELLA DE PERNALONGAS NO ESTEIRO DO MIÑO

Texto e foto: Manu Sobrino Senra

O día 20 de maio de 2020 puíden observar unha parella de **pernalongas** (*Himantopus himantopus*) no bordo da Morraceira do Grilo, en San Miguel de Tabagón (O Rosal). Un ave pouco habitual no esteiro do Miño, que só aparece, sempre en escaso número, nos pasos prenupciais cara ás súas áreas de reprodución. Dáse a circunstancia de que o ano pasado por estas mesmas datas (04.05.2019), e tamén no 2017 (02.05.2017) foron rexistrados e fotografados dous exemplares desta mesma especie.

FENOLOXÍA-2020

		DATA	
GAIVOTAS (<i>Larus michaellis</i>)	Primeiras cópulas (A Guarda)	01/IV/2020	Agustín Ferreira L.
ANDORIÑA COMÚN (<i>Hirundo rustica</i>)	Primeira observación en voo (A Guía-A Guarda)	4/IV/2020	Agustín Ferreira L.
GAIVOTAS (<i>Larus michaellis</i>)	Observación primeiro niño (A Guarda)	1/V/2020	Agustín Ferreira L.
CIRRIO (<i>Apus apus</i>)	Primeira observación do ano (A Guarda)	23/IV/2020	Agustín Ferreira L.
Andoriña dáurica (<i>Cecropis daurica</i>)	Na marisma de Salcidos, pousada recollendo barro	13/V/2020	Manu Sobrino S.
GAIVOTAS (<i>Larus michaellis</i>)	Primeiros polos observados (A Guarda)	31/V/2020	Agustín Ferreira L.

FAUNA RECOLLIDA

	DATA	ENTREGADA POR	
GAIVOTAS (<i>Larus michaellis</i>)	12/V/2020 14/V/2020 17/V/2020 30/V/2020	Policía local Particular Protección Civil ANABAM	Presenta unha á esnaquizada. Presenta unha á esnaquizada. Sen signos externos. Envenenada? Presenta unha á danada
Doniña (<i>Mustela nivalis</i>)	08/V/2020	Policía Local	Moribunda. Falece. Probable golpe.
Tartaruga orellas amarelas (<i>Trachemys scripta scripta</i>)	19/V/2020	Particular.	Atopada nunha rúa do Rosal
Corvo pequeno (<i>Corvus corone</i>)	27/V/2020	Nelson	Atopado no piñeiral de Camposancos. Perigo polos cans de paseo. Falece ás poucas horas.

DIARIO

de xaneiro a maio

Venres, 3 xaneiro: correo electrónico do CMIA-Viana do Castelo, solicitando información dos censos de borrelho.

Sábado, 11 xaneiro: saída de campo. Recollida de datos dos fentos *Woodwardia radicans* (regato Lavandeira) e *Dicksonia antarctica* (regato Vilar), ámbolos dous en Oia.

Domingo, 19 xaneiro: prospección costeira dende Portecelo ata A Guarda para recoller datos de posibles varamentos de cetáceos e de aves petroleadas.

Sábado, 25 xaneiro: censo de aves acuáticas no Esteiro do Miño. Só de mañá.

Sábado, 25 xaneiro: saída de campo. Monte Campo do Couto (O Rosal). De tarde, recollida información de flora e fauna.

Domingo, 2 febreiro: Día Mundial dos Humidais. Organizamos unha visita ornitolóxica guiada pola desembocadura do Miño, marxe galega.

Martes, 4 febreiro: correo electrónico do Decanato da Facultade de Bioloxía, Universidade de Santiago pedindo información do número de prazas que ofertamos para as prácticas do alumnado do Máster de Biodiversidade terrestre. *Respondemos que catro.*

Xoves, 20 febreiro: reunión do presidente de ANABAM coa patroa maior da Confraría de pescadores co fin de propoñerlle que se expoña no salón de actos para os pescadores do río interesados a problemática da construción dun Parque de Aventuras na desembocadura do río Miño con centro na Insua.

Sábado, 22 febreiro: saída ao campo. Visitamos o piñeiral de Camarido (Caminha) na procura de datos das aberiotas e da camariña.

Xoves, 27 febreiro: a Radio Municipal de Tui entrevista ao Presidente de ANABAM sobre a tala que se quería facer en Tomiño e a senda paralela ao río.

Sábado, 29 febreiro: censo de aves acuáticas no esteiro do Miño. De mañá.

Venres, 13 marzo: publicamos as bases da convocatoria de emprego por dous meses ampliables a un terceiro en relación co Projeto Borrelho.

Martes, 7 abril: O presidente de ANABAM, Agustín Ferreira é entrevistado na Radio Municipal de Tui sobre diversas aves estivais.

Xoves, 9 abril: De Carla Rego, da Facultade de Ciencias, Universidade de Lisboa, solicitando información sobre o coleóptero *Eurynebria complanata* nas praias do norte portugués.

Martes, 21 abril: solicitamos información ao Centro de Recuperación de Fauna sobre o estado da cegoña atopada ferida en Tomiño.

Venres, 24 abril: enviamos a seguinte mensaxe, por Messenger, ao Alcalde da Guarda: *Antonio Lomba, dende hai unhas semanas, varias persoas dirixense a nós (ANABAM) solicitando información do desinfectante que se está a botar polas rúas. Penso que sería bo que, dende o concello, pasádeses un comunicado dos produtos que se botan.*

Luns, 27 abril: recibimos por correo electrónico un escrito dunha denominada Asociación de Veciños da Guarda, na que expresan o seu malestar pola forma na que se bota pola rúa o desinfectante. Dito escrito non vén asinado por ninguén. Pensamos que teñen razón, e por Mesenger, facémolles chegar ao Alcalde o citado escrito para que tomen nota desde o Concello. Ao mesmo tempo, enviamos resposta á remitente do escrito nos seguinte termos:

Recibimos escrito voso sobre as fumigacións que se están a facer pola COVID-19. Gustaríanos coñecer quen está ao fronte da Asociación (presidente, portavoz ou representante).

Grazas.

Luns, 27 abril: chamada telefónica da presunta responsable do escrito, a tenor do correo que enviamos, comentándonos os feitos (tratamos de que se identifique, e que será confidencial esta identificación, pero non accede) e do por que da súa denuncia sinalando que seu can sufriu as consecuencias, que falou coa policía local, coa Garda Civil, co SEPRONA, que foi á veterinaria, que tivo que solicitar varias veces os produtos que botan (por petición da veterinaria) e que para obter este dato tivo que solicitalo directamente á empresa.

Martes, 28 abril: recibimos novamente a chamada da responsable da asociación, comentando a súa preocupación do que aparece nas redes sociais cualificando de bulo o que manifesta no escrito.

Martes, 28 abril: informamos ao responsable do Plan de Conservación da Píllara na provincia de Pontevedra, nos seguintes termos: *Enviamos dúas imaxes da limpeza da praia de Camposancos na Guarda. Se ben este é un espazo que dende hai anos límpase de xeito manual, utilízase maquinaria para retirar os restos arrebolados pola marea. Neste caso en particular non se contactou con ANABAM para buscar información sobre a presenza (ou non) de niños e como pura especulación dubido que os axentes percorreran a praia para comprobalo en pleno confinamento. Así mesmo, descoñezo cal é institución responsable desta actuación e, se a mesma levouse a cabo seguindo as directrices do plan de conservación da píllara. Ao noso entender trátase dunha actuación innecesaria en plena tempada de reprodución e coas praias valeiras de xente por mor do confinamento. Por todo o dito, poñemos no voso coñecemento estes feitos e*

solicitamos a información que poidas ter ao respecto.

Domingo, 03 maio: enviánnos unha foto dunha vacaloura (*Lucanus cervus*) observada en Paredes do Coura (PT). Javi.

Domingo, 03 maio: enviánnos fotografía do que parece unha planaria exótica. Rexistrada no Rosal. Trataremos de averiguar algo dela. Marta.

Xoves, 07 maio: contactamos coa CEMMA a propósito dun golfiño riscado aparecido no porto da Guarda e retirado polo concello.

Xoves, 07 maio: enviánnos foto do golfiño da Lamosa, costa norte da Guarda. José Luis Morais.

Venres, 08 maio: enviánnos foto do golfiño da Lamosa, Santi Pousa.

Luns, 11 maio: infórmannos de que unha gaivota leva dous días atrapada nun dos fíos colocados nun tellado, na Guarda. Tratamos de que Protección Civil ou o 112 se fagan cargo. Unhas horas despois, segue a gaivota alí. Decidimos actuar nós e coa axuda dos operarios dunha empresa (David Díaz, traballos verticais), conseguimos liberala. Por sorte só estaba presa polas plumas dunha das ás e puido saír voando.

Luns, 11 maio: a petición da responsable da Oficina de Turismo do Concello da Guarda enviamos resumo de posibles visitas guiadas no medio natural a realizar por ANABAM durante o verán.

Martes, 12 maio: pola mañá, Protección Civil tráenos unha gaivota ferida. Pola tarde persoal de medio ambiente pasa a recollela, logo de darlle o aviso. Presenta unha á irrecuperable, probablemente debido aos “fíos da morte” ou doutro dispositivo colocado nalgún tellado.

Mércores, 13 maio: universitaria pregúntanos se, debido ao COVID-19 podería facer as prácticas en ANABAM telematicamente.

Xoves, 14 maio: recollemos unha gaivota ferida, cunha das ás esnaquizada, probablemente debido aos “fíos da morte”. Lugar: Praza de San Bernardo. Foi recollida por M^a José Rodríguez Verde, de A Guarda.

Xoves, 14 maio: recibimos mensaxe dunha persoa que vive nos apartamentos da Armona por mor dun lagarto que está dentro da piscina, non ten auga. Pídenos consello de como facer para sacar o lagarto de alí. Enviámoslle información de cómo facer e, de non ser capaz, que nos chame.

Venres, 14 maio: a persoa que contactara con nós indícanos que o lagarto saíu da piscina.

Domingo, 17 maio: enviánnos fotos sobre destrución de niños de gaivota dun tellado

da Guarda, na rúa Ramón Sobrino. Andrea.


Domingo, 17 maio: enviánnos foto do cadáver dun golfinho localizado nunha pequena cala ao norte do porto de Oia. José Luis Morais.

Mércores, 27 maio: recollemos un corvo, polo xa grande, que atoparon no piñeiral da praia de Camposancos. Nelson.

Mércores, 27 maio: dende o Decanato da facultade de Bioloxía, da Universidade de Santiago de Compostela, enviánnos formulario de prácticas para alumnos do **Máster Interuniversitario de Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión**.

Domingo, 31 maio: Localizamos os primeiros polos de gaivota nados este ano na Guarda.

LEMBRANZAS



PEGATINA ATLAS VERTEBRADOS

Entre outubro do ano 1987 e setembro do ano 1992, ANABAM desenvolveu o seu maior proxecto ata esa data. Durante eses cinco anos, os membros desta asociación, ademais de numerosos voluntarios, percorreron a bisbarra do Baixo Miño, principalmente os fins de semana, para recoller datos da fauna vertebrada terrestre da mesma, foi un traballo de campo magnífico e unha “escola” para moitos de nós que empezamos a coñecer moita da fauna baixomiñota da que non tiñamos nin idea. Para divulgar esta actividade, ANABAM sacou o adhesivo que divulgaba a mesma.

COMISIÓNS DE GOBERNO DO CONCELLO DA GUARDA

(12/II/1998)

A Sra. Alcaldesa sinala que acaban de rematar as obras de arranxo da escola da Pasaxe, para cederlle o uso a ANABAM, para estación ornitolóxica, importando as mesmas 3.123.909 ptas, das que o concello aporta 750.000 ptas.

(26/02/2001)

- Lese o escrito RE990 con data 19/02/2001, presentado por ANABAM no que se desaconsella a utilización de maquinaria pesada para a limpeza da Praia de Camposancos, na desembocadura do Miño.

(26/03/2001)

Lese escrito RE1631 do 23-03-2001, presentado pola ANABAM, no que solicitan que dende o Concello non se apoie a celebración da proba deportiva que vai celebrar a Federación Galega de Motonáutica no Esteiro do Miño.

A Comisión de Goberno dáse por informada e informa de que non comparte a súa solicitude.

(26/07/2001)

- Lese o escrito RE4199 de data 17 de xullo de 2001, presentado por ANABAM, no que se solicita a dimisión do concelleiro de Medio Ambiente, a colocación de papeleiras, a limpeza do lixo na praia de Camposancos e o cumprimento dos acordos da recuperación da vexetación dunar.

A Comisión de Goberno acorda que a súa organización ten potestade para facer suxerencias, pero non pode impor nada a este equipo de goberno xa que iso é competencia doutros organismos. As actuacións iranse adoptando a medida que sexa conveniente a criterio do Concello.

(09/07/2001)

- Lese o escrito RE3581 de data 18 de xuño de 2001, presentado por Agustín Ferreira Lorenzo, en representación de ANABAM, solicitando que se adopten de inmediato as medidas oportunas que rematen cos vertidos procedentes da dilaceladora e o mesmo tempo que se proceda á limpeza daqueles residuos domésticos que degradan o medio ambiente.

A Comisión de Goberno acorda comunicarlle que xa se están a tomar as medidas pertinentes ao respecto.



Luis Dorado Senra

BALTASAR MERINO

Nado en Lerma (Burgos) o 6 de xaneiro de 1845. Falece en Vigo o 3 de xullo de 1917.

No ano 1880 é destinado ao Colexio *Apóstol Santiago* (A Pasaxe, Camposancos, A Guardia).

No 1885 marcha do Colexio para Orduña (Bilbao) pero regresa un ano despois. Estaría definitivamente neste centro de Camposancos ata un ano antes da súa morte, cando todo o colexio se traslada á cidade olívica.

No colexio de Camposancos da clases de inglés, Literatura Grega e Latina, Agricultura, Física e Química e Historia Natural.

No 1899 abandona o labor docente para dedicarse aos estudos e viaxes botánicas. Tamén se encarga dun dos primeiros observatorios meteorolóxicos que houbo en Galicia, instalado no citado colexio, publicando por conta propia *Cuadernos del Observatorio meteorológico del Colegio de la Compañía de Jesús en La Guardia*.

Foi o maior botánico que houbo en Galicia, publicando a *Flora descriptiva e ilustrada de Gali-*

ÍNDICE

Illa-fortaleza da Insua.....	1
Distribución da papoula mariña no Baixo Miño.....	6
Cegoñas no Baixo Miño.....	11
Colonias de gatos na Guarda.....	18
A Rede de Museos da Guarda.....	23
Que facer se atopamos un poliño.....	28
Grupo antiherbicidas do Baixo Miño.....	29
Marcas e siglas dos mariñeiros da Guarda.....	32
ANABAM asina un convenio de Colaboración coas Universidade galegas.....	33
Observacións.....	34
Fenoloxía 2020.....	35
Fauna recollida.....	35
Diario: de xaneiro a maio	36
Lembranzas	39
Baltasar Merino	41

LIBROS



Marcas e siglas dos mariñeiros da Guarda

PVP: 15 €

Socios ANABAM: 50% desconto

Socios activos: Gratuito

Autor: Agustín Ferreira Lorenzo

Editado por ANABAM

ACTIVIDADES PREVISTAS

XULLO/AGOSTO

Visitas guiadas: Salinas da Guarda.

Datas: Xullo e Agosto (día por concretar).

Prezo: Gratuítas.

Destinatarios: Público en xeral.

Traballo de campo: Sábados.

Destinatarios: Grupo traballo de ANABAM.

Zonas: áreas naturais do Baixo Miño.

Estudos: Censo de niños e polos de gaiyota.

Lugar: Núcleo urbano da Guarda.

Destinatarios: Voluntariado.

Estudos: Censo de niños de andoriña de
cu branco.

Lugar: Baixo Miño.

Destinatarios: Voluntariado.

Traballo de campo: Avespas escavadoras.

Lugar: Praia de Camposancos (A Guarda).
Monte Terroso (A Guarda).

Destinatarios: Voluntariado.

Traballo de campo: Proxecto borrelho.

Lugar: Praias do norte portugués.

Destinatarios: Voluntariado.

Traballo de campo: Corema album.

Lugar: Piñeiral de Camarido (Caminha).

Destinatarios: Voluntariado.